



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Galego_ Febreiro 2019

OFICINA TÉCNICA |

O Plan Especial Director do Camiño Francés, en fase de avaliación ambiental estratéxica

O Plan Especial Director do Camiño Francés, elaborado polo Consorcio de Santiago por encargo do Concello, remitiuse á Xunta de Galicia para a súa avaliación ambiental estratéxica. O documento establece as medidas necesarias para garantir a protección e recuperación do patrimonio no Camiño Francés, no Camiño do Norte, no Monte do Gozo e na primeira liña de parcelas edificadas ao pé do Camiño. O novidoso deste plan é a súa compoñente paisaxística e ambiental, tal como se está a aplicar en toda Europa.



PUBLICACIÓNS |

Un libro reúne os artigos que Isaac Díaz Pardo publicou nos xornais galegos entre 1963 e 2009

O Consorcio de Santiago e Andavira Editora publicaron *O ollar clarividente de Isaac Díaz Pardo*, unha recompilación do filólogo Xosé Ramón Fandiño Veiga que reúne as colaboracións xornalísticas realizadas polo intelectual galeguista entre 1963 e 2009, na súa maior parte en xornais galegos. A maioría versan sobre temas de xustiza social, da restauración da dignidade dos vencidos na Guerra Civil e tamén amosan a súa preocupación polo espolio dos nosos recursos naturais e culturais.



MÚSICA |

A Real Filharmonía de Galicia celebrará seis concertos en marzo

O 14 de marzo en Santiago e o 15 en Vigo a orquestra interpretará “Nocturno Sinfónico” de Marcos Fernández-Barrero, obra gañadora en 2017 do Premio de Composición que promoven conxuntamente a Asociación Española de Orquestras Sinfónicas (AEOS) e a Fundación BBVA, baixo a batuta de Baldur Brönnimann. A RFG será a primeira orquestra da AEOS en estrear esta obra e será estrea mundial.

O 21 regresará o mestre Antoni Wit, cun programa centrado nos grandes compositores polacos. Os días 28 e 29 celebraranse dous novos concertos didácticos para colexios co título “Mini Mozart”, en colaboración co Servizo Educativo da Casa da Música de Porto. E o 30 repetirase para o público infantil e familiar, a prol de Proxecto Home Galicia, ás 18:30 horas.



Curso Avanzado de Especialización Orquestral 2019-2020

A Escola de Altos Estudos Musicais ten en marcha unha nova edición do Curso Avanzado de Especialización Orquestral (CAEO), recoñecido como título propio de posgrao pola Universidade de Santiago. Diríxese a músicos instrumentistas con titulación superior que teñan como meta adquirir a formación e a experiencia necesarias para integrarse nunha orquestra profesional. Ofrécense 18 prazas: 6 para violín, 2 para viola, 2 para violoncello e 1 para as especialidades de contrabaixo, óboe, frauta, clarinete, fagot, trompa, trompeta e percusión. As solicitudes para inscribirse no curso deberán presentarse ata o 23 de maio a través da web www.eaem.es.

